

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

10837 *Corrección de erros do Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.*

Advertidos erros no Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 139, do 12 de xuño de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 19, punto 4.2 do anexo I, onde di:

«2. As características e especificacións dos extintores de incendios serán conformes coas exixidas no Real decreto 769/1999, do 7 de maio, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 97/23/CE, relativa aos equipamentos de presión e se modifica o Real decreto 1244/1979, do 4 de abril, que aprobou o Regulamento de aparellos de presión.»

Debe dicir:

«2. Os extintores de incendio, as súas características e especificacións serán conformes co exixido no Real decreto 709/2015, do 24 de xullo, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización dos equipamentos a presión.»

Na páxina 24, punto 12.2 do anexo I, onde di:

«2. Os xeradores de aerosois poderanse utilizar nos sistemas fixos de extinción por aerosois condensados, sempre que cumpran o Real decreto 472/1988, do 30 de marzo, e o Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto.»

Debe dicir:

«2. Os xeradores de aerosois poderanse utilizar nos sistemas fixos de extinción por aerosois condensados, sempre que cumpran o Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto.»